

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE ORDES PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA PISTA DE LANZAMENTO DE XAVELINA NA CIDADE DEPORTIVA VISTA ALEGRE

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don José Ramón Lete Lasa, secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Dona Ana María Soneira Liñares, alcaldesa en funcións do Concello de Ordes, actuando de conformidade co disposto nos artigos 21.1. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1. a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar a presente addenda ao convenio asinado o 15 de xuño de 2020, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Conscientes da importancia da colaboración económica entre as Administracións Públicas para a realización de obras que benefician ao conxunto das cidadáns para a realización da práctica deportiva, e nos obxectivos de potenciar o deporte base e de contribuír a unha mellor dotación das infraestruturas que permitan satisfacer ás crecentes demandas sociais no ámbito deportivo, asinouse con data 15 de xuño de 2020 un convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Ordes para a construción dunha pista de lanzamento de xavelina na cidade deportiva Vista Alegre, segundo o recollido no proxecto técnico elaborado pola persoa técnica competente.



O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de corenta e dous mil setecentos quince euros con corenta e dous céntimos (42.715,42 €), IVE incluído.

A Secretaría Xeral para o Deporte subvencionará ditas actuacións achegando ao Concello de Ordes a cantidade vinte un mil euros (21.000,00 €) , con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0 (código de proxecto 2013 00039) do seu orzamento de gastos para o exercicio 2020 co fin de posibilitar a contratación das actuacións ás que se refire o presente convenio, de acordo coa seguinte cantidade

Anualidade 2020.....	21.000,00 €
----------------------	-------------

➤ O Concello de Ordes achegará a cantidade de 21.715,42 €, con cargo a aplicación orzamentaria 342. 6200 do seu orzamento de gastos do exercicio 2020

Anualidade 2020.....	21.715,42 €
----------------------	-------------

Ambas partes manifestan a necesidade de modificar a cláusula quinta do convenio no que se refire á ampliación do prazo para presentar a xustificación do cumprimento do seu obxecto establecida no 14 de novembro de 2020, aos efectos de que as obras de construción dunha pista de lanzamento de xavelina na cidade deportiva Vista Alegre, poidan executarse nas debidas condicións antes da finalización do período de vixencia do convenio.

De acordo co exposto, a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Ordes, acordan subscribir esta addenda consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

1.- REXISTROS PÚBLICOS DE AXUDAS

As partes asinantes da addenda manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste addenda, así como o resto das especificacións contidas na mesma, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.





De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, o concello consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Así mesmo consinte na publicación da addenda que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido as obrigas específicas de información sobre convenios.

2.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

De acordo co artigo 8 do Decreto 193/2011 polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o Concello de Ordes estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención á realización da actividade e o seu custo real mediante a presentación cunha conta xustificativa integrada con carácter xeral pola documentación que se relaciona no artigo 10 do Decreto 193/2011, e que incorporará en todo caso a certificación da intervención ou do órgano de teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En todo caso, na xustificación deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios, así como doutras subvencións ou recursos á actuación subvencionada.

O prazo para presentar esta xustificación terá como **data límite o 14 de decembro de 2020**. Os pagamentos efectuaranse unha vez examinada e conformada a xustificación presentada polo Concello.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda

O secretario xeral para o Deporte
José Ramón Lete Lasa

A alcaldesa en funcións do Concello de Ordes
Ana María Soneira Liñares

